


INFORMACIÓN IMPORTANTE PARA OS ALUMNOS QUE DESEXEN FACER PRÁCTICAS NA EPSE:

Para a realización de prácticas externas, tanto curriculares como extracurriculares non remuneradas, será necesario achegar o teu NUSS (Número de Usuario da Seguridade Social)

Se xa o tes, poderás engadilo a través da Secretaría virtual, no apartado “Información Persoal”.

A partir do 1 de Xaneiro, se non tedes engadido o NUSS na túa Secretaría Virtual non poderás realizalas.

Podes engadilo desde a túa secretaría virtual neste apartado:



Número da Seguridade Social:

De conformidade coa lexislación vixente, desde o 1 de Xaneiro do 2024, será obrigatoria a cotización á Seguridade Social no caso de que curses materias que inclúan prácticas externas, tanto curriculares como non curriculares non remuneradas. En consecuencia, a USC necesita obrigatoriamente o teu número da Seguridade Social (NUSS) para poder cotizar polos días que realices prácticas.

Se non dispós dun NUSS propio:

Podes obter o NUSS acudindo fisicamente ás oficinas da Seguridade Social que leven xestión de afiliación sen necesidade de pedir cita previa nin esperar, simplemente presentando o teu DNI no mostrador de información.

[Buscador Oficinas Seguridade Social.](#)


Tamén podes solicitar un NUSS a través do servizo “Solicitar Número de Seguridade Social” existente na Sede electrónica da Seguridade Social e Portal da TGSS Importass. O acceso a este servizo pode facerse por SMS, Clave PIN, Cl@ave Permanente ou Certificado Electrónico/DNIE. Os datos necesarios son os datos identificativos (DNI ou NIE) , datos de contacto (teléfono móbil e email) e domicilio habitual.

Pica [Aquí](#) para obter o teu número da Seguridade Social.

Se xa dispós dun NUSS propio:

Podes obter información sobre a túa NUSS na tarxeta sanitaria ou a través do servizo “Acreditación do Número da Seguridade Social” existente na Sede electrónica da Seguridade Social e o portal da TGSS Importass. O acceso ao servizo pódese facer por SMS, Clave PIN, Cl@ave Permanente ou Certificado Electrónico/DNIE

Consultar [AQUÍ](#) o teu número da Seguridad Social.



No menú da Secretaría Virtual verás estas opcións:

Se coñeces o teu NUSS marca esta opción (lembra que podes voltar aquí se estás pendente do trámite de asignación do NUSS).

Se desexas que a USC realice o trámite de consulta ou asignación do NUSS no teu nome marca esta opción **só ata o 30 de novembro**

Enviar

Se elixes a 2ª opción a USC pode realizar o trámite de consulta o asignación do NUSS por ti, pero **sólo ATA O 30 DE NOVEMBRO**.